



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Aprobación da convocatoria e bases de selección de dúas prazas de operario de limpeza como persoal laboral fixo mediante concurso incluídas na Oferta Pública de Emprego do Concello de Oroso extraordinaria de 2022 (Estabilización)

ANUNCIO

Con data de 22 de decembro de 2022 esta Alcaldía procedeu a ditar resolución co seguinte contido:

“Logo de ver que a entrada en vigor da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público permite afrontar un novo proceso de estabilización para todas aquelas prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, plantillas ou outras formas de organización dos recursos humanos, estean dotadas orzamentariamente e estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompida a lo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Logo de ver que a Disposición adicional sexta da citada Lei 20/2021, de 28 de decembro, prevé que as administracións públicas convoquen, con carácter excepcional polo sistema de concurso, conforme a disposto no artigo 61.6 e 7 do Texto refundido do estatuto básico do empregado público, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da antedita Lei, estiveran ocupadas con carácter temporal de formar ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais.

Tendo en conta ditas consideracións, o Concello de Oroso, mediante resolución de Alcaldía nº 639/2022 do 12/05/2022 procedeu a aprobar a oferta pública de emprego extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego que foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 na que se recollían os seguintes prazas:

PERSOAL FUNCIONARIO:

Grupo	Clasificación		Vacantes	Denominación	Forma de acceso	Quenda	Código RPT
B	Escala de Administración especial	Subescala servizos especiais	1	Técnico de Deportes	Concurso	Estabilización	08.00.01
C1	Escala de Administración especial	Subescala Técnica	1	Auxiliar Técnico de Biblioteca y Cultura	Concurso	Estabilización	07.00.02
A2	Escala de Administración Especial	Subescala Técnica	1	Profesor – Encargado aula informática	Concurso	Estabilización	07.00.05

PERSOAL LABORAL

Grupo	Denominación	Vacantes	Nivel de titulación	Forma de provisión	Quenda	Código RPT
V	Operario de limpeza	2	Estudos primarios.	Concurso	Estabilización	05.02.02 05.02.03
V	Conductor – tractorista	2	Estudos primarios	Concurso	Estabilización	05.02.06 05.02.07
V	Conserxe	1	Estudos primarios	Concurso	Estabilización	07.00.04

Tendo en conta que o artigo 2.2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, establece que a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022 e que a resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Logo de ver que mediante providencia de Alcaldía ditada 19/12/2022 ordeouse o inicio do expediente nº 2022/E001/000012 para a aprobación da convocatoria e bases de selección dentro do proceso especial de estabilización do emprego temporal de longa duración de 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA

Logo de ver que as mesmas foron obxecto de negociación cos representantes sindicais en mesa de negociación levada a cabo o 22 de decembro de 2022.

Logo de ver o informe desfavorable emitido con data de 22 de decembro de 2022 polo Secretario e o Interventor da Corporación

Considerando sen embargo esta Alcaldía que a Sentenza do Tribunal Supremo do 24 de xuño de 2019 (rec. 1776/2016) da validez nun plan de estabilización a unha puntuación superior dos servizos prestados na propia administración e que segundo esta sentenza, non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia, segundo se adquirise na mesma administración á que pertence a praza ou noutro posto, xa que podendo existir puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo nin funcional, non coinciden e non coinciden as competencias e funcións nin a normativa que se ten que aplicar, por tanto mediando esas diferenzas non é irrazoable que tamén difira a puntuación.

Tendo en conta igualmente por outra banda que o Acordo sobre o desenvolvemento dos procesos de estabilización do emprego temporal entre a Administración Xeral do Estado e as organizacións sindicais, do 11 de decembro de 2019, recolle na fase de concurso estableceranse criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente, os servizos prestados na administración convocante, así como a realización de tarefas nos ámbitos funcionais nos que se require maior especialización.

TENDO EN CONTA as facultades que me confire o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e o artigo 41.14.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades Locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección de 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 E 05.02.03) incluída no proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Oroso conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público e recollida na Oferta de Emprego Público extraordinaria do 2022 que foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022, co contido que a continuación se transcribe:

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DE 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 E 05.02.03) COMO PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUIDA NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

1.-Obxecto.

É obxecto da presente, a regulación do proceso selectivo a través do procedemento extraordinario de concurso, para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo de 2 PRAZAS DE OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 e 05.02.03) correspondente ao Grupo V, incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria do Concello de Oroso do ano 2022 (BOP nº 96 do 23/05/2022), e dentro do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ao amparo das previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

2º.-Funcións da praza e retribucións

As funcións a desenvolver polo/a empregado/a público/a serán as establecidas na Relación de Postos de Traballo para o posto de OPERARIO DE LIMPEZA identificados cos códigos 05.02.02 e 05.02.03, coas modificacións e adaptacións que se vaian producindo ao longo do tempo.

O importe das retribucións do traballador será a establecida no Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Oroso para o grupo V, así coma a Relación de Postos de Traballo para o posto definido na Base anterior e no anexo de persoal orzamentario para o posto de operario de limpeza.

3.-Sistema selectivo.

Conforme ao establecido no artigo 61.6 e 7 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e na Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e consonte co xa establecido na Oferta de Emprego Pública de Emprego extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego que foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 o sistema de selección será o concurso.

4.-Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP:

a) Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Idade: Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do posto ofertado.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación.

d) Habilitación: Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

e) Compatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Titulación: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou equivalentes:

Certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Estar en posesión do CELGA 2 (ou superior) ou acreditación do coñecemento da lingua galega equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos da Orde de 16 de xullo de 2007 e da Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica á anterior). En todo caso os/as aspirantes que non acrediten o anterior, deberán realizar unha proba de conformidade co previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que será cualificada en todo caso como apto ou non apto.

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

5.-Presentación de solicitudes.

1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 5 desta base 5ª, a súa participación mediante da **instancia que se recolle no Anexo I destas Bases**, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente. Quedan eximidos da necesidade de presentación do DNI ou documento equivalente aqueles aspirantes que presenten a súa instancia de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello de Oroso.

(<https://sede.orosogal/opencms/gl/index.html>)

b) Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame, que de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora queda establecida en 15,00 euros. O pagamento farase nas contas bancarias do Concello no modelo de autoliquidación dispoñible na web do Concello de Oroso e nas oficinas municipais.

c) Copia da titulación requirida para ocupar a praza conforme ao previsto na base anterior.

d) Copia do CELGA 2 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser eximidos da realización da proba de galego.

e) Relación dos méritos alegados para ser valorados na fase de concurso conforme ao Anexo II da presentes bases xunto coa documentación acreditativa dos citados méritos conforme ao previsto na base 9 das presentes bases.

2. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Oroso cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

5. O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (praza Isaac Díaz Pardo, 1, 15888, Sigüeiro, Oroso), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Oroso (<https://sede.orosogal/opencms/gl/index.html>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de VINTE (20) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, toda vez se teñan publicadas as presentes bases reguladoras no BOP de A Coruña e anuncio de convocatoria no DOG. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión por fax ao Concello de Oroso (Fax: 981691786) da instancia presentada conforme ao modelo do Anexo Idas presentes bases onde conste o selo coa data de presentación debendo ser recibido o antedito fax antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

6.-Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro electrónico de anuncios do Concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/informacion/>), así coma no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a todos/as aqueles que o soliciten. Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro electrónico de anuncios do Concello. A dita convocatoria poderá ser simultánea á aprobación das bases de selección.

Procederase igualmente a publicar un anuncio da convocatoria no DOG e no BOE.

Os resultados do valoración de méritos do concurso, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/informacion/>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

7°.-Admisión de aspirantes.

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución, contendo:

- 1 A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.
- 2 A designación do tribunal cualificador.
- 3 Lugar e data para a valoración dos méritos.

Dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/informacion/>) e no Boletín Oficial da Provincia. A citada resolución procederá a conceder un prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da mesma no BOP, para que os interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

As subsanacións referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado no punto 5.5 das presentes bases. No caso concreto das taxas so caberá a subsanación de ter realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante de telo realizado, non admitíndose o ingreso posterior á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Igualmente, non se admitirá a presentación de documentación acreditativa de méritos alegados que non fora aportada no prazo inicial de presentación de instancias ou a enmenda ou corrección do Anexo II xa presentado.

No caso de que se presentasen alegacións ou subsanacións contra a resolución de aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios municipal e no BOP.

8.-Tribunal cualificador.

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros e contará cos seguintes membros:

- Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.
- Secretario/a: O da Corporación ou quen legalmente a substitúa.
- Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ou esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes, esta se poderá realizar en acto público coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o Secretario.

9.-Proceso de selección.

O proceso de selección consistirá nun concurso excepcional para a estabilización do emprego temporal nas prazas obxecto da convocatoria, e consistirá na avaliación por parte do Tribunal cualificador dos méritos baremables que concorran en cada unha das persoas aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade dos candidatos para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas.

O Tribunal de selección **valorará exclusivamente** os méritos relacionados polo aspirante no Anexo II con independencia da documentación presentada.

Con este obxecto valorarase, ata un máximo de 100 puntos, os seguintes méritos profesionais e méritos académicos.

1.-Méritos profesionais. Valoraranse cun máximo de dez anos (que resulten da suma dos distintos apartados) e ata un máximo de 60 puntos, cos seguintes criterios de puntuación:

a) Servizos prestados no corpo, escala e categoría ou equivalente no Concello de Oroso ao que se desexa acceder: 0,5 puntos por mes traballado.

b) Servizos prestados no corpo, escala e categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas ou sector público: 0,3 puntos por mes traballado.

Valoraranse igualmente os servizos prestado como persoal laboral temporal nos grupos e categorías correspondentes e como laboral indefinido non fixo recoñecido por sentenza.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de 30 días

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional, salvo que o aspirante acredite que foron servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón da violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

Para a acreditación dos méritos anteditos deberase achegar a seguinte documentación xustificativa:

Certificación acreditativa dos servizos prestados expedida polo órgano fedatario da entidade pública na que se prestaron os servizos e na que de xeito inequívoco conste o posto/praza, período no que se prestaron os servizos, xunto á xornada laboral.

En todo caso, desta documentación xustificativa deberá concluírse/deducirse, de xeito claro e inequívoco, o posto/praza/categoría/condicións nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados, así como o tempo de efectiva prestación.

Non caso de que non resulten, a xuízo do Tribunal, claros e meridianos os citados méritos alegados este estará facultado para, en caso de dúbida, non proceder á valoración de tales méritos.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos prestados diferentes das previstas nestas bases.

2.-Méritos académicos, ata un máximo de 40 puntos:

- a) Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, administracións públicas e escolas ou institutos de administracións públicas ou por federacións nacionais ou autonómicas de concellos ou por outras entidades (fundacións, academias, sindicatos ou confederacións ou outras entidades) neste último caso so cando expresamente estean homologados por Administracións Públicas e así se acredite 0,40 puntos/hora cun máximo de 40 puntos.
- b) Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios) en materias consideradas transversais polo seu interese para todos os postos como os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención o cidadán, a calidade da prestación de servizos, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, primeiros auxilios, entre outros. Valoraranse a razón de 0,40 puntos/hora ata un máximo de 10 puntos.

En ningún caso se valorarán os cursos ou accións formativas impartidos por academias, escolas ou talleres de carácter privado que non estean expresamente homologados por unha Administración Pública debendo acreditarse documentalmente dita homologación.

Tampouco serán obxecto de valoración os certificados de profesionalidade nin materias que formen parte dunha formación académica, nin as partes ou módulos integrantes dun curso máis amplo.

Non se valorará aqueles cursos nos que a participación das Administracións Públicas teña un carácter de colaborador ou de patrocinio económico.

Aqueles cursos nos que non figure a duración do mesmo expresado en horas serán valorados con 0,40 puntos en total.

Non se valorarán os cursos de informática realizados con anterioridade a 2010.

A acreditación dos méritos académicos realizarse mediante a presentación da correspondente orixinal ou copia do título ou diploma. No caso de que no citado título ou diploma non figure algún dos datos sinalados neste punto poderase aportar copia da convocatoria do citado curso ou informe emitido polo organismo encargado de impartir dicha formación.

Non se admitirán outras formas de acreditación dos méritos académicos.

3.-Criterios de desempate.

No caso de que dous ou mais aspirantes empaten no total da puntuación terase en conta aquel aspirante que tivera obtido unha maior puntuación no apartado 1 (méritos profesionais). No caso de persistir o empate terase en conta aquel que tivera obtido unha maior puntuación no apartado 2 a) (cursos relacionados co posto de traballo) e no caso de persistir o empate resolverase mediante sorteo realizado en acto público.

4.-Proba de coñecemento da lingua galega.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece:

“(…) para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego po parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluíranse un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte á normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega”.

Polo tanto, todos aqueles aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega conforme ao previsto na base 5.1.d) das presentes bases deberán someterse a unha proba de galego de 30 minutos de duración como máximo e que será cualificada como apto / non apto.

Estarán exentas da realización deste exame de galego as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude (CELGA ou equivalente) que corresponda, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

10.-Publicación de puntuacións e proposta de nomeamento.

Concluídas as probas selectivas o Tribunal cualificador fará pública a través do taboleiro de anuncios municipal a puntuación outorgada a cada aspirante e concederá un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido dito prazo o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas, e no caso de non realizarse ningunha se considerarán como definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva farase igualmente pública no taboleiro de anuncios da corporación.

Concluídas as probas selectivas e fixadas as puntuacións definitivas o Tribunal cualificador igualmente realizará proposta de nomeamento/contratación da persoas aspirante que reúna maior puntuación na sumas das puntuacións obtidas e que teña no seu caso superado a proba de galego.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento ou a contratación de igual número de persoas aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que non teñan sido propostos para a selección e nomeamento, de tal xeito que cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún aspirante antes do seu nomeamento ou firma do contrato laboral fixo, procederá a propoñer ao aspirante que quedara en seguinte lugar.

11.-Presentación de documentos polo aspirante proposto.

O/A aspirante proposto/a, achegará no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da publicación da lista de puntuacións definitiva no taboleiro de edictos, os documentos seguintes:

1º.-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

2º.-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

3º.-Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Oroso en modelo facilitado polo Concello de Oroso.

4º.- Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

5º.-Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.

No caso de aspirantes que xa veñan prestando os servizos para o Concello de Oroso, e que o Concello xa conte con parte ou a totalidade da documentación requirida poderá remitirse á dita documentación, presentando escrito neste sentido.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, o aspirante seleccionado someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Quedarán exentos deste trámite aqueles aspirantes que formando parte do persoal do Concello de Oroso teñan superado dito recoñecemento médico no derradeiro ano.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, suporá que o aspirante non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Neste caso procederá a requirírselle a documentación ao aspirante que tivera quedado en segunda posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

11º.-Nomeamento e toma de posesión.

O Alcalde-Presidente procederá á contratación do candidato proposto polo Tribunal unha vez presenten a correspondente documentación.

Unha vez presentada toda a documentación, ao interesado lle será notificado que esta cumpre con todos os requisitos, debendo no prazo de 7 días naturais contados desde a notificación comparecer para a formalización do contrato. Deberá comunicar por escrito a data na que pretende comparecer para a formalización do contrato a lo menos con 2 días de antelación.

De non comparecer no prazo de 7 días naturais anteriormente indicados, sen mediar causa xustificada será declarado en situación de cesante e procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante que tivera a mellor puntuación para que aporte a documentación sinalada nestas bases e formalice o contrato laboral.

Previamente á formalización do contrato o aspirante deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

12.-Dereitos de exame.

Conforme ao previsto no artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame do Concello de Oroso publicada no BOP nº 245 do 25/10/2006 os aspirantes terán que aboar unha taxa de 15,00 euros para poder participar no presente proceso selectivo.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, debendo os/as aspirantes practicala nos impresos habilitados ó efecto pola administración municipal, que se poderán obter na páxina web do Concello de Oroso ou nas oficinas municipais, e realizar o ingreso na entidade bancaria autorizada, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente instancia de participación no proceso selectivo.

A solicitude non se tramitará mentres non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos na ordenanza fiscal.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito imponible desta taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Por tanto, non procederá a devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

O ingreso da taxa deberá realizarse obrigatoriamente antes do remate do prazo de presentación de instancias previsto no punto 5.5 das presentes bases, non sendo posible a subsanación a través de ingresos posteriores a esta data.

13.-Recursos.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do período de alegacións establecido na base 10, contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14.-Normativa de aplicación.

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, Real Decretos Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada. Así mesmo e de xeito específico será de aplicación a Lei 20/2021, de 28 de decembro, medidas urxentes para a redución da temporalidade

15.-Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE OROSO, con dirección PRAZA ISAAC DIAZ PARDO N°1, 15888 - A CORUÑA; INFO@OROSO.GAL.

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE OROSO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: info@oroso.gal

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE.**

D./Dña....., con DNI /NIE número...
e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....
CP.....localidade.....
 telf..... Dirección Electrónica Habilitada
(indicar so no caso de que desexe que as notificacións lle sexan practicadas de xeito telemático)

EXPÓN:

- 1°).- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección de 2 prazas de OPERARIO DE LIMPEZA (Código RPT: 05.02.02 E 05.02.03) como persoal laboral fixo, incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria do Concello de Oroso do ano 2022, publicada no BOP de data_____
- 2°).- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4ª de selección para participar no presente proceso selectivo e no caso de obter a praza comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/1979.
- 3°) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.
- 4°) Que estou en posesión da titulación esixida nas presentes bases ou en condicións de obtela á data de remate de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar cun "x" na casilla correspondente):

- Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame.
- Copia do DNI. (so no caso de non presentar a instancia a través da sede electrónica do Concello de Oroso).
- Certificado CELGA nivel 2 (ou superior) ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 2 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014. (So para o caso de querer ser eximido da realización da proba de coñecemento de galego).
- Anexo II de relación dos méritos alegados para ser valorados na fase de concurso, así como a documentación acreditativa de tales méritos conforme ao previsto na base 9 das bases que rexen o presente procedemento de selección.
- Titulación esixida nas presentes bases

Pola presente autorizo coa miña sinatura a cesión dos datos contidos na presente instancia e na documentación que se acompaña ao Concello de Oroso, con dirección na Praza Isaac Díaz Pardo nº 1, 15888 – A Coruña; info@orosogal. a fin de que ese Concello poida utilizados para todos os trámites relacionados directa ou indirectamente co presente proceso de selección, así como a xestión administrativa do mesmo. Igualmente autorizo ao Concello de Oroso á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos mesmos e en todo caso durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas derivadas do presente proceso de selección.

Lugar e data

Asdo.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO.

ANEXO II

RELACIÓN DE MÉRITOS A VALORAR NA FASE DE CONCURSO (A).

NOME E APELIDOS:

EXPERIENCIA PROFESIONAL			
EMPLEADOR	POSTO	TIPO DE XORNADA (*)	Nº MESES

(*) Indicar a porcentaxe de xornada

IMPORTANTE: Unicamente se baremarán os méritos relacionados segundo modelo deste anexo . Cubrir a máquina ou en letra maiúscula.

